

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado EDUCACION E UNIVERSIDADE con data 02/11/2017 e que literalmente di :

Informe proposta para a adxudicación de subvención nominativa

Recibidas do concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas as instrucións de inicio deste expediente de forma oral, deixase constancia por escrito nos termos do artigo 35 da Lei 39/2015.

Primeiro.- No anexo de subvencións nominativas, aprobado co orzamento do ano 2015 e prorrogado para o ano 2017, figura a seguinte subvención nominativa:

Adxudicatario : **ASOCIACION MUSICAL SONSDODIA, G70352067 (CORO DIAPASON)**

Importe: **7.850 €**

Obxecto da subvención: **FIANCIAMENTO DO PROGRAMA EDUCATIVO "CANTA CON NÓS". CURSO 2017-2018**

Segundo.- Achégase proxecto de convenio segundo modelo aprobado por decreto do concello de Ferrol de data 01/06/2017 e informado pola técnica de Educación.

Por todo o anterior, **proponse adxudicar o seguinte gasto :**

- Adxudicatario: **ASOCIACION MUSICAL SONSDODIA, G70352067 (CORO DIAPASON)**
- Obxecto da subvención: **FIANCIAMENTO DO PROGRAMA EDUCATIVO "CANTA CON NÓS". CURSO 2017-2018**
- Importe: **7.850 € (2.500 € con cargo ó orzamento de 2017 e 5.350 € con cargo ó orzamento de 2018).**
- Partida: **05003-3263-48000**
- Doc Contable: **217106815**
- Outras características: **O pagamento efectuarase en tres pagos parciais.**

Terceiro.- Adquirir o compromiso de consignar no anexo de subvencións do orzamento de 2018 a cantidade de 5.350 € mediante unha subvención nominativa á Asociación Musical Sonsdodía para esta finalidade.

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

Decreto.- Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos.

Ferrol,

polo Concelleiro Delegado Titular da Área
Cultura e Educación, Universidade, Deportes,
Turismo e Festas

Dou fe,
O secretario xeral

Asinado por: LEOPOLDO MOURE GARCIA 1
Cargo : SX-Secretario Xeral
Selo de tempo: 2017-11-24 13:00:39.855

Asinado por: JESUS BASTERRECHEA LOPEZ
Cargo : CTCEUDT-Concelleiro Delegado Titular da Área Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas
Selo de tempo: 2017-11-23 14:27:58.418
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.